

# PLAN DE ACOLLIDA CURSO 2020-2021



Fundación Educativa  
*Franciscanas Ana Mogas*

Colegio Divina Pastora. Ourense



Bilingüismo



Innovación



Pastoral



Confianza

## PLAN DE ACOLLIDA PARA O CURSO 20/21

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

### 1. Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

#### 1.1. Horarios de entrada e saída:

##### INFANTIL

##### SETEMBRO E XUÑO

##### MAÑÁS

	ENTRADA	SAÍDA
4º INFANTIL A	9:40 CARDENAL QUEVEDO	13:30 CARDENAL QUEVEDO
4º INFANTIL B	9:40 CARDENAL QUEVEDO	13:30 CARDENAL QUEVEDO
5º INFANTIL A	9:30 CARDENAL QUEVEDO	13:20 CARDENAL QUEVEDO
5º INFANTIL B	9:30 CARDENAL QUEVEDO	13:20 CARDENAL QUEVEDO
6º INFANTIL A	9:20 CARDENAL QUEVEDO	13:10 CARDENAL QUEVEDO
6º INFANTIL B	9:20 CARDENAL QUEVEDO	13:10 CARDENAL QUEVEDO

##### INFANTIL OUTUBRO – MAIO

##### MAÑÁS

	ENTRADA	SAÍDA
4º INFANTIL A	<b>10:10</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>13:30</b> CARDENAL QUEVEDO
4º INFANTIL B	<b>10:10</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>13:30</b> CARDENAL QUEVEDO
5º INFANTIL A	<b>10:00</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>13:20</b> CARDENAL QUEVEDO

5º INFANTIL B	<b>10:00</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>13:20</b> CARDENAL QUEVEDO
6º INFANTIL A	<b>9:50</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>13:10</b> CARDENAL QUEVEDO
6º INFANTIL B	<b>9:50</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>13:10</b> CARDENAL QUEVEDO

**TARDES**

	ENTRADA	SAÍDA
4º INFANTIL A	<b>15:50</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>17:20</b> CARDENAL QUEVEDO
4º INFANTIL B	<b>15:50</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>17:20</b> CARDENAL QUEVEDO
5º INFANTIL A	<b>15:40</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>17:10</b> CARDENAL QUEVEDO
5º INFANTIL B	<b>15:40</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>17:10</b> CARDENAL QUEVEDO
6º INFANTIL A	<b>15:30</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>17:00</b> CARDENAL QUEVEDO
6º INFANTIL B	<b>15:30</b> CARDENAL QUEVEDO	<b>17:00</b> CARDENAL QUEVEDO

**PRIMARIA SETEMBRO E XUÑO**

**MAÑÁS**

	ENTRADA	SAÍDA
1º PRIMARIA	9:10 MANUEL PEREIRA	13:30 MANUEL PEREIRA
2º PRIMARIA	9:10 MANUEL PEREIRA	13:30 MANUEL PEREIRA
3º PRIMARIA	9:00 MANUEL PEREIRA	13:20 MANUEL PEREIRA
4º PRIMARIA	9:00 MANUEL PEREIRA	13:20 MANUEL PEREIRA
5º PRIMARIA	9:10 CARDENAL QUEVEDO	13:35 MANUEL PEREIRA
6º PRIMARIA	9:00 CARDENAL QUEVEDO	13:35 CARDENAL QUEVEDO

**PRIMARIA MAÑÁS**

	ENTRADA	SAÍDA
1º PRIMARIA	9:40 MANUEL PEREIRA	13:30 MANUEL PEREIRA
2º PRIMARIA	9:40 MANUEL PEREIRA	13:30 MANUEL PEREIRA
3º PRIMARIA	9:30 MANUEL PEREIRA	13:20 MANUEL PEREIRA
4º PRIMARIA	9:30 MANUEL PEREIRA	13:20 MANUEL PEREIRA
5º PRIMARIA	9:40 CARDENAL QUEVEDO	13:40 MANUEL PEREIRA
6º PRIMARIA	9:30 CARDENAL QUEVEDO	13:40 CARDENAL QUEVEDO

## PRIMARIA TARDES

	ENTRADA	SAÍDA
1º PRIMARIA	15:20 MANUEL PEREIRA	17:20 MANUEL PEREIRA
2º PRIMARIA	15:20 MANUEL PEREIRA	17:20 MANUEL PEREIRA
3º PRIMARIA	15:30 MANUEL PEREIRA	17:30 MANUEL PEREIRA
4º PRIMARIA	15:30 MANUEL PEREIRA	17:30 MANUEL PEREIRA
5º PRIMARIA	15:20 CARDENAL QUEVEDO	17:40 MANUEL PEREIRA
6º PRIMARIA	15:30 CARDENAL QUEVEDO	17:40 ESC. CARDENAL QUEVEDO

## SECUNDARIA MAÑÁS

	ENTRADA	SAÍDA
1º ESO	8:15 MANUEL PEREIRA	14:00 MANUEL PEREIRA
2º ESO	8:15 MANUEL PEREIRA	14:00 MANUEL PEREIRA
3º ESO	8:25 MANUEL PEREIRA	14:05 MANUEL PEREIRA
4º ESO	8:25 MANUEL PEREIRA	14:05 MANUEL PEREIRA

## TARDES

	ENTRADA	SAÍDA
1º ESO	15:50 MANUEL PEREIRA	17:40 MANUEL PEREIRA
2º ESO	15:50 MANUEL PEREIRA	17:40 MANUEL PEREIRA
3º ESO	16:00 MANUEL PEREIRA	17:45 MANUEL PEREIRA
4º ESO	16:00 MANUEL PEREIRA	17:45 MANUEL PEREIRA

## BACHARELATO

### MAÑÁS

	ENTRADA	SAÍDA
1º BACH	8:20 CARDENAL QUEVEDO	14:00 CARDENAL QUEVEDO
2º BACH	8:20 CARDENAL QUEVEDO	14:00 CARDENAL QUEVEDO

## TARDES


	ENTRADA	SAÍDA
1º BACH	15:55 CARDENAL QUEVEDO	17:50 CARDENAL QUEVEDO
2º BACH	15:55 CARDENAL QUEVEDO	17:50 CARDENAL QUEVEDO

## 1.2. Recreos

Realizaranse dúas quendas rotatorias de recreo tanto para primaria como para secundaria:

- Educación Primaria:
  - 1ª Quenda: 12:05 a 12:20
  - 2ª Quenda: 12:25 a 12:40
- Educación secundaria:
  - 1ª Quenda: 10:50 a 11:10
  - 2ª Quenda: 11:15 a 11:35ç

### 1.2.1. Espazos de recreo



### **1.3. Gardas de entrada / saída**

- Entradas:
  - 2 profesores por cada etapa que estarán nas zonas de entrada ó centro.
- Saídas:
  - Coordinadas polas persoas do equipo COVID e profesores asignados (2 profesores por etapa).

### **1.4. Acompañamento do alumnado**

Limitase a un acompañante por alumno no recinto escolar tanto nas entradas como na saída en Ed. Infantil como en Ed. Primaria que soamente poderán acceder ata ás zonas delimitadas.

Será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo, nin demasiado tarde. En canto o alumno/a entre ou saía os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.

### **1.5. Tutorías**

As tutorías levaranse a cabo no horario determinado por cada profesor de hora de atención a pais, como de costume, e con cita previa empregando as canles habituais: axenda do alumnado, chamada telefónica, plataforma do centro.

Serán preferentemente telemáticas e, no caso de ser presenciais, terán lugar na aula da tutoría do alumno e coas seguintes medidas:

- Emprego de máscara.
- Hixiene de mans ao acceder á aula.
- Colocación de mesas como separación para garantir a distancia.
- No caso de ser preciso a revisión dunha proba escrita, solicitarase previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.

### **1.6. Biblioteca**

Empregaranse bibliotecas móbiles e os titores xestionarán os libros de préstamo. Unha vez recollidos ditos libros de préstamos, permanecerá en caixas identificadas e illadas como mínimo 24 horas antes de volver aos andeis.

### **1.7. Uso de Aseos**

Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais (semáforo).

### **1.8. Circulación polo centro**

Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación. Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións telemáticas coas familias. As datas e horas poderán consultarse na web do colexio.

## 2. Actuacións de prevención, hixiese e protección

### 2.1. Prevención

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:
  - Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
  - Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
  - Establecer quendas de recreo.
  - Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
  - Regular o acceso aos aseos
- Distancia social:
  - Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
  - Evitar situacións de contacto físico.
- Responsabilidade individual:
  - O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
  - As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

### 2.2. Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

Hixiene xeral do centro:

- Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
- Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces por mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

Hixiene persoal:

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de xel hidroalcolico nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cúbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

Rutinas de responsabilidade individual:

- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exige da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo



doutras persoas. Resultaría inadmisíbel que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
  - Xel: en todas as aulas e espazos común
  - Xabazón: nos aseos e botiquín.
  - Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
  - Toallas desinfectantes: nas aulas de educación infantil e aulas especiais
  - Solución desinfectante: nas aulas

### 2.3. Protección

- Uso de máscara:
  - Uso obrigatorio para todo o profesorado.
  - Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
  - Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.
- Pantallas:
  - Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- Mamparas:
  - Para realizar trámites coas familias instalouse en administración.

## 3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial

No mes de marzo a interrupción abrupta das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo toda a maquinaria da aula virtual e a formación básica de usuarios. Aínda que o resultado foi máis que digno, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten o emprego deste recurso, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- Acceso á classroom e a Alexia
- Envío de tarefas a través da classroom e da plataforma.
- Xestión da súa conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta.
- Consulta de cualificacións.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro.

## 4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión



Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos estables de convivencia.

Este programa será difundido entre a comunidade educativa a través dos canles habituales